



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 286 · Venres, 15 decembro 2023

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases reguladoras para a creación dunha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de técnico/a auxiliar informático/a, subgrupo C1 .....	2
Convocatoria e bases reguladoras para a formación das listas de contratación de persoal laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial e do Inorde, na categoría de chofer especialista (subgrupo C2) (principal e supletoria) para a Comarca de Valdeorras .....	18
Decreto de nomeamento de Montserrat López Merino como administrativa do Grupo Provincial de Democracia Ourenseana, persoal eventual e dedicación exclusiva .....	32

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Barbadás

Corrección de erros no extracto da convocatoria para a concesión de subvencións en materia deportiva do ano 2023 publicado no BOP núm. 280, do 7 de decembro de 2023 .....	32
Corrección de erros no extracto da convocatoria para a concesión de subvencións en materia deportiva do ano 2022, publicado no BOP núm. 282, do 11 de decembro de 2023 .....	32
Convocatoria para a elección de xuíz/a de paz titular .....	32

##### Maceda

Convocatoria e bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego para o servizo de axuda no fogar para o ano 2024 .....	33
--	----

##### Ourense

Aprobación definitiva da modificación orzamentaria 21P/2023 (expediente 2023048651), de créditos extraordinarios e suplementos de crédito .....	34
---	----

##### Sandiás

Convocatoria e bases reguladoras para a constitución dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de auxiliares de axuda no fogar durante o período 2024-2027 .....	35
--	----

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria y bases reguladoras para la creación de una bolsa de nombramientos interinos de la categoría de técnico/a auxiliar informático/a, subgrupo C1 .....	10
Convocatoria y bases reguladoras para la formación de las listas de contratación de personal laboral temporal al servicio de la Diputación Provincial y del Inorde, en la categoría de chofer especialista (subgrupo C2) (principal y supletoria) para la Comarca de Valdeorras .....	25
Decreto de nombramiento de Montserrat López Merino como administrativa del Grupo Provincial de Democracia Ourenseana, personal eventual y dedicación exclusiva .....	32

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Barbadás

Corrección de errores en el extracto de la convocatoria para la concesión de subvenciones en materia deportiva del año 2023 publicado en el BOP núm. 280, de 7 de diciembre de 2023 .....	32
Corrección de errores en el extracto da convocatoria para la concesión de subvenciones en materia deportiva del año 2022, publicado en el BOP núm. 282, de 11 de diciembre de 2023 .....	32
Convocatoria para la elección de juez/a de paz titular .....	33

##### Maceda

Convocatoria y bases reguladoras para la creación de una bolsa de empleo para el servicio de ayuda en el hogar para el año 2024 ....	34
--	----

##### Ourense

Aprobación definitiva de la modificación presupuestaria 21P/2023 (expediente 2023048651), de créditos extraordinarios y suplementos de crédito .....	34
--	----

##### Sandiás

Convocatoria y bases reguladoras para la constitución de una bolsa de empleo para la contratación temporal de auxiliares de ayuda en el hogar durante el período 2024-2027 .....	36
--	----



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos publícase que, no día da data, a Presidencia, ditou o seguinte decreto:

“Unha vez visto o informe da coordinadora técnica do Servizo de Administración Electrónica do 16 de novembro de 2023, solicitando a formación dunha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de técnico/a auxiliar informático/a (subgrupo C1) para cubrir algún posto de traballo para poder garantir uns servizos mínimos ou os máis urxentes que se consideren.

Unha vez visto o informe favorable do xefe do Servizo de Recursos Humanos e Formación, do 30 de novembro de 2023, relativo ao cumprimento do establecido na dita ordenanza, así como ao cumprimento da normativa actual que rexe para a contratación de persoal no sector público.

Unha vez visto o informe favorable da Comisión de Control e Seguimento na súa reunión do 28 de novembro de 2023, sobre a proposta de bases reguladoras para o dito procedemento.

De conformidade co que establece a Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense publicada no Boletín Oficial da Provincia do 30 de xullo de 2020, así como o establecido no artigo 20 punto cinco, apartado 1 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente, fórmulase a seguinte proposta de resolución:

1.º) Aprobar a convocatoria e bases reguladoras para a creación dunha bolsa de nomeamento de persoal funcionario interino da categoría de técnico/a auxiliar informático/a da Deputación Provincial de Ourense, que deberá publicarse na forma regulamentaria.

Base primeira. Obxecto da convocatoria

De conformidade co disposto na Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, unha vez aprobada definitivamente tras a súa modificación, na sesión plenaria do 30 de xullo de 2021, e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 8 de outubro de 2021, é obxecto destas bases a regulación do proceso selectivo e a convocatoria para a creación dunha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de técnico/a auxiliar informático (subgrupo C1) ao servizo da Deputación Provincial de Ourense. O procedemento de contratación temporal será o procedemento ordinario establecido no artigo 4 da Ordenanza.

Base segunda. Requisitos dos/as aspirantes

Os requisitos dos/as aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola

Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título de bacharelato ou técnico ou equivalente.

Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día o certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Así mesmo, estar en posesión do título que acredite o grao de perfeccionamento no idioma galego ou Celga 4. Os/as aspirantes que non dispoñan de tal título e superaron a proba práctica deberán facer un exercicio de dúas traducións, unha do galego ao castelán e outra do castelán ao galego, cualificándose como apto/a ou non apto/a. O Tribunal decidirá a nota mínima para ser declarado/a apto/a.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado/a ou inhabilitado/a. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Base terceira. Lugar e presentación de instancias

1. As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, na que os/as aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiranse ao presidente da Deputación. As modalidades de presentación son as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na Oficina de Asistencia ao Cidadán en materia de rexistro da Deputación Provincial de Ourense, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso rógase que se envíe unha copia da instancia vía e-mail ao enderezo electrónico [persoal@depourense.es](mailto:persoal@depourense.es)

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, no enderezo <https://sede.depourense.es>

2. O prazo será de 7 días naturais que contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa instancia (modelo normalizado que se inclúe na convocatoria e que estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es)) acompañaranse os documentos acreditativos dos méritos aos que fai referencia a fase de concurso e o xustificante de pago da taxa de participación no proceso selectivo.

4. Os requisitos de estar en posesión da titulación esixida (título de bacharelato ou técnico ou equivalente), así como os datos de identidade, de non achegarse coa solicitude, serán comprobados de oficio pola Deputación mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, sempre que, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, do 27 de abril de 2016, relativo á protección dos datos das persoas físicas, os/as solicitantes fagan constar o seu consentimento expreso na solicitude. Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os documentos conforme ao establecido neste apartado, poderá solicitarlle ao/á interesado/a a súa achega, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles.

5. En todo caso, os documentos obtidos utilizaranse exclusivamente para as finalidades deste procedemento selectivo. Os/as interesados/as poderán exercer en calquera momento os dereitos que lles reconece a normativa vixente en materia de protección de datos.

6. Para a admisión ao concurso dos/as solicitantes, será requisito imprescindible o previo aboamento da taxa establecida na Ordenanza fiscal (BOP n.º 166, do 20 de xullo de 2018), agás nos supostos de exención. A tarifa aplicable nesta convocatoria será: 15 €, para o subgrupo C1. O modelo estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es) e nas oficinas do Rexistro xeral.

No caso de que o/a interesado/a estea exento/a por discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante a certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

No caso de que o/a interesado/a estea exento/a por ter a condición de desempregado/a de longa duración, deberá achegar a certificación desta situación expedida polo Servizo Público de Emprego.

No caso de que o/a interesado/a forme parte dunha familia numerosa e se acolla á bonificación do 50% no pago da taxa, deberá achegar a copia do título de familia numerosa expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Base cuarta. Listas provisionais e definitivas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente da Deputación ditará a resolución no prazo máximo de cinco días naturais e declarará aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as. Na devandita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Deputación e na páxina web [www.depourense.es](http://www.depourense.es), indicárase a causa da exclusión, e concederáse un prazo de dez días hábiles para a emenda de erros, incluíndo ademais a designación dos/as membros do Tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, convocarase -mediante o anuncio no taboleiro electrónico da Deputación e na páxina web [www.depourense.es](http://www.depourense.es), a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados que terá carácter previo a realización da proba práctica.

Base quinta. Procedemento de selección

O procedemento de selección será, de conformidade co establecido no artigo 4.1 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso-oposición.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración dos méritos será obxecto de

publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles desde a data da súa realización, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais.

Base sexta. Tribunais de selección

1. O Tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un/unha presidente/a, catro vogais e un/unha secretario/a que actuará con voz, pero sen voto.

2. Os/as membros do Tribunal deberán ter a condición de funcionario/a de carreira de calquera Administración pública. A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite os coñecementos nas materias que sexan obxecto da praza.

3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público e seguindo as instrucións establecidas no artigo 8 da Ordenanza.

4. O/a secretario/a do Tribunal será designado/a pola Presidencia, entre funcionarios/as do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

Base sétima. Baremo de méritos

1. Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal debe realizar a valoración do correspondente concurso co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción.

Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a establecida nas bases garde unha relación de identidade esencial. O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

Non se computarán como servizos prestados os traballos realizados por conta propia baixo o réxime de cotización correspondente ao non ter necesariamente a consideración de homoxéneos respecto dos realizados a través da xornada laboral por conta allea.

Puntuación máxima por experiencia laboral: 12 puntos.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

Puntuación máxima por cursos: 8 puntos.

Puntuación máxima fase do concurso: 20 puntos.

2. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

- A antigüidade na Administración pública, mediante a certificación expedida polo órgano competente da Administración pública de que se trate.

- Os servizos prestados no sector privado, mediante a certificación de vida laboral e contratos de traballo.

- Os cursos de formación, mediante o certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde conste a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír ademais a circunstancia de ter superado a proba



de avaliación establecida para a obtención do diploma ou certificación, de ser o caso.

Base oitava. Proba práctica

1. A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do posto de técnico/a auxiliar informático/a ou similar, así como no temario establecido no Anexo III destas bases. Será determinada polo Tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do establecido nestas bases. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba para realizar recolleranse na acta correspondente.

2. En caso de que o Tribunal o considerase necesario, polas especiais características do posto, poderá solicitar previamente a contratación e/ou asistencia dun/unha asesor/a técnico/a especializado/a para a realización e avaliación da proba selectiva.

3. As funcións dos postos de traballo para os que se convoca a praza, son con carácter xeral as seguintes:

a) Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios do servizo, nos termos do disposto na propia RPT e no eido da súa capacitación profesional e competencial.

b) Colaborar nas tarefas de implementación de soporte informático aos distintos servizos da entidade provincial e entidades locais que o precisen.

c) Colaborar na solución de incidencias que poidan xurdir cos distintos programas informáticos.

d) Prestar asesoramento, no eido das súas competencias e capacitación profesional, cando así sexa requirido desde as diferentes áreas ou servizos.

e) Colaborar na organización dos distintos servizos.

f) Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.

g) Calquera outra, de similar natureza, sempre que resulte adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, e propia da área, servizo ou negociado no que se integra o posto.

4. Valorarase a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo máximo de desenvolvemento será de dúas horas. A puntuación máxima que se pode outorgar a proba práctica será de 30 puntos. (Equivalente ao 60% do valor total máximo alcanzable no proceso selectivo). A puntuación necesaria para superar esta fase será a metade da máxima establecida.

A corrección da proba será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación, incluírase a proposta de resolución formulada polo Tribunal.

Base novena. Procedemento de formación da bolsa de nomeamentos interinos

Unha vez concluída a fase de concurso-oposición, o Tribunal formulará unha proposta de bolsa para os nomeamentos interinos, conforme ás seguintes regras:

1. A orde da lista virá determinada pola puntuación obtida polas persoas participantes nas fases de concurso e oposición, tendo en conta que deberá estar superada a fase de oposición, obtendo como mínimo a metade da puntuación máxima establecida para a proba práctica.

2. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate establecerase do xeito seguinte:

- pola maior puntuación no apartado a) do baremo; no seu defecto, pola maior puntuación no apartado b). De persistir o empate, por orde alfabética, a partir da letra inicial que resulte do último sorteo anual efectuado pola Xunta de Galicia para os seus procesos selectivos.

3. Non obstante o anterior, e para cumprir coa reserva do 7% dos postos ao seu favor, as persoas con discapacidade terán dereito a un de cada quince postos da bolsa, aínda que a súa puntuación corresponda cun posto inferior. Esta regra non será de aplicación cando a puntuación obtida xa lles dea dereito a un posto en cada quincena da lista.

4. A proposta do Tribunal someterase a información pública polo prazo de dez días, para os efectos de reclamacións dos/as interesados/as, mediante o anuncio que se publicará na sede electrónica da Deputación Provincial. As alegacións, de ser o caso, serán informadas polo Tribunal, que elevará a proposta definitiva á Comisión de Control e Seguimento establecida no artigo 9 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, para a emisión de informe preceptivo.

5. Unha vez emitido o informe pola Comisión de Control e Seguimento, se este fose desfavorable á proposta do Tribunal, devolveráselle o expediente a este, co fin de que emita o informe ao respecto que considere oportuno.

Unha vez emitidos os informes da Comisión de Control e Seguimento, e, se é o caso, do Tribunal, aos que se alude no parágrafo anterior, a Presidencia resolverá conforme coa proposta deste último, agás que, de xeito motivado, considere que a dita proposta infrinxe as bases reguladoras ou a normativa vixente. Neste suposto, a Presidencia requiriralle ao Tribunal que formule unha nova proposta na que se emenden as deficiencias advertidas.

O Tribunal, motivándoo suficientemente, poderá manter a súa proposta orixinal, que vinculará á Presidencia, sen prexuízo da potestade dos órganos da Administración provincial de acordar a declaración de lesividade ou a revisión de oficio da resolución de que se trate, cando se considere procedente conforme coa lexislación aplicable.

6. A resolución da Presidencia será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, entrando en vigor coa publicación no Boletín.

Base décima. Procedemento para o nomeamento das persoas integrantes da bolsa

1. Unha vez producida a necesidade de cobertura temporal dun posto e previamente a que se realice calquera nomeamento interino, será preceptiva a tramitación establecida no artigo 3 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense.

2. Unha vez realizados os trámites sinalados, a Presidencia acordará o nomeamento interino da persoa á que lle corresponda pola súa orde na bolsa.

3. A mera integración na bolsa para a contratación de duración determinada non dará lugar á existencia de relación laboral ningunha coa Deputación, senón unicamente o dereito a ser nomeado/a nos supostos nos que a Deputación Provincial aprecie a existencia da necesidade de realizar nomeamentos para postos reservados á bolsa de referencia, nos termos e condi-



cións que sinala a Administración provincial conforme o establecido no artigo 3 da Ordenanza.

4. Os chamamentos faranse mediante o anuncio na sede electrónica da Deputación de Ourense. No prazo máximo de dous días hábiles seguintes á publicación do chamamento, a persoa aspirante deberá presentar nas oficinas do Servizo de Recursos Humanos da Deputación para formalizar o correspondente nomeamento, os seguintes documentos:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función a desempeñar.

b) Declaración xurada ou promesa de non ser separado/a mediante procedemento disciplinario de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

Desde o Servizo de Recursos Humanos xestionarase a realización dun exame médico do/a aspirante, a cargo do servizo de medicina do traballo da Deputación, co fin de acreditar que o/a aspirante posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da categoría. Entenderase que se posúe a dita capacidade funcional cando non se padeza enfermidade nin se estea afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. O sometemento ao exame médico é obrigatorio para o/a aspirante, e o seu rexeitamento dará lugar á exclusión das listas.

No caso de rexeitamento ao chamamento, ou de non cumprimentarse polo interesado/a os trámites sinalados no prazo indicado e coa achega da documentación sinalada, así como nos supostos en que o exame médico acredite que o/a aspirante non posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da categoría, ditarase a resolución pola que se declare a imposibilidade de realizar o nomeamento (que en todo caso será obxecto de notificación individualizada ao/á afectado/a). Nesta resolución acordarase ademais a exclusión do/a aspirante decaído/a da lista con carácter definitivo, agás que o incumprimento ou imposibilidade do nomeamento estea motivado por causa de forza maior debidamente acreditada ou que se acredite a imposibilidade temporal de aceptar o chamamento pola concorrencia de circunstancias especiais que motivasen unha baixa regulada para un/unha traballador/a activo/a da Deputación.

Para estes efectos, considerarase como causa de forza maior eximemente da obriga de aceptar a contratación o atoparse o/a aspirante traballando noutra Administración pública ou empresa, ou na propia Administración provincial. Simultánea ou sucesivamente á dita resolución, chamarase ao/á seguinte integrante da lista que corresponda.

5. Realizarase un nomeamento interino na categoría correspondente no prazo de cinco días naturais desde a data da notificación do chamamento.

6. A medida que se vaian producindo os ceses, as persoas nomeadas pasarán a ocupar de novo o posto que consonte coa puntuación obtida lles corresponda na lista, e poderán volver ser nomeadas se xurdise a necesidade.

7. Nos supostos nos que xurdise a necesidade dun nomeamento para un posto dos reservados á lista, e todos/as os/as integrantes da dita lista tivesen nomeamentos en vigor coa Deputación Provincial, realizarase unha convocatoria específica para ampliación da bolsa, que se tramitará de forma urgente, e reduciranse á metade os prazos establecidos para este procedemento. Non obstante, poderá empregarse o procedemento excepcional de urgencia se concorren os requisitos establecidos no artigo 7 da Ordenanza.

8. A bolsa terá un prazo de vixencia de dous anos, que contarán desde a publicación da súa aprobación no BOP, e deberán cubrirse obrigatoriamente as necesidades de persoal temporal da Deputación Provincial para os postos de traballo aos que se refire mediante o nomeamento directo das persoas incluídas, seguindo a súa orde de colocación na bolsa.

Base undécima. Recursos

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante esta presidencia, no prazo dun mes que contará desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde a mesma data. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Sen prexuízo do anterior, os/as interesados/as poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que consideren oportuno.

O presidente da Deputación Provincial de Ourense.

(Ver anexos páx. 6-9)



**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA  
DE NOMEAMENTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A AUXILIAR INFORMÁTICO/A AO SERVIZO  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE  
ANEXO I**

**I. Datos do/a solicitante:**

Apelidos: \_\_\_\_\_ Nome: \_\_\_\_\_  
 DNI/NIE: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_  
 Poboación: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_  
 Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

II. Solicita a súa inclusión para participar no proceso selectivo para a creación dunha bolsa de nomeamentos de persoal funcionario interino na seguinte categoría profesional (o/a aspirante deberá marcar a/as categorías ás que desexa presentarse)

Técnico/a auxiliar informático/a (C1)

**III. Documentación que achega:**

- DNI
- Titulación (título de bacharelato ou técnico ou equivalente)
- Diploma ou certificado polo que se acredita o grao de perfeccionamento do idioma galego, Celga 4
- Xustificante do pago da taxa de procesos selectivos (subgrupo C1-15 €) ou de cumprir os requisitos de bonificación ou exención da taxa, de ser o caso.
- Xustificante dos méritos alegados

SI	<input type="checkbox"/>	CONSINTO EXPRESAMENTE que a Deputación Provincial de Ourense poida obter electronicamente nas redes corporativas e/ou plataformas de intermediación de datos das AAPP, os documentos ou informacións indicados na base 3. <sup>a</sup> punto 4 da convocatoria.
NON	<input type="checkbox"/>	

SI	<input type="checkbox"/>	AUTORIZO a Deputación Provincial de Ourense para que me sexa enviada vía de correo electrónico ou SMS a comunicación de aviso da publicación na sede electrónica da Deputación dos diferentes actos e resolución de interese para a miña solicitude.
NON	<input type="checkbox"/>	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude: os datos persoais achegados coa presente solicitude incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específicas de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679, do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal e/ou no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as súas funcións de selección e xestión do persoal, e/ou calquera outras inherentes á relación laboral/funcionarial. O prazo de conservación dos datos será o legalmente establecido. Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento ou de acordo co establecido na lexislación antedita. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico dpd@depourense.es. En todo caso, os/as interesados/as poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

RELATORIO DE MÉRITOS  
ANEXO II

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_

DNI/NIE: \_\_\_\_\_ Teléfono móbil: \_\_\_\_\_

Para os efectos do baremo aplicable, acredita os méritos que a seguir se especifican e achega documentación xustificativa deles.

1. Polos servizos prestados na mesma categoría ou análoga categoría profesional:

Anos	Meses	Días

2. Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

Denominación	Organismo emisor	Ano	Horas

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Sinatura



## ANEXO III

- Tema 1. Fundamentos de computadores. Conceptos básicos de tecnoloxías e sistemas informáticos. Estrutura da CPU. Sistema de memoria. Sistemas de E/S.
- Tema 2. Sistemas operativos. Conceptos teóricos. Conceptos e funcións dos sistemas operativos.
- Tema 3. Sistemas operativos. Características técnicas e funcionais dos sistemas operativos: Windows, Linux/Unix. Administración e configuración de sistemas Linux/Unix e Windows.
- Tema 4. Sistemas de copia de seguridade. Hardware e software de copia de seguridade. Estratexias de copia de seguridade no disco. Disponibilidade de información. Replicación local e remota, estratexias de recuperación. Plans de continxencia.
- Tema 5. Virtualización de plataformas e recursos. Virtualización do servidor. Virtualización de almacenamento. Virtualización da estación cliente. Computación baseada en servidores. Computación na rede (“grid computing”). Computación na nube. Mecanismos de alta dispoñibilidade.
- Tema 6. Fundamentos de programación. Introducción á programación. Tipos de datos: básicos, estruturados e abstractos. Estructuras de control: secuencial, alternativa e iterativa. Esquemas algorítmicos: percorrido e procura. Modularidade. Recursividade.
- Tema 7. Técnicas de programación. Deseño descendente. Estructuras de datos básicas: Listas, Pilas e Colas. Recursividade.
- Tema 8. Deseño e programación orientada a obxectos. Introducción ao paradigma da programación orientada a obxectos. Abstracción e encapsulación. Asociacións (relacións entre obxectos). Herdanza (relacións entre clases)
- Tema 9. Linguaxes de programación orientada a obxectos: Xava e C++.
- Tema 10. Enxeñaría do Software. Técnicas, ferramentas e estándares que a caracterizan. Requisitos (Concepto de requisitos, como obtelos, xestionalos e documentalos ao longo dun proceso de desenvolvemento de software). Análise UML.
- Tema 11. Programación e desenvolvemento web. Conceptos de aplicacións web. Deseño web multiplataforma/multi-dispositivo. Conceptos xerais de desenvolvemento web. Conceptos de desenvolvemento moderno baseados en Front-End e Back End.
- Tema 12. Programación e desenvolvemento web. Linguaxes Front-End: HTML, CSS, JavaScript. Conceptos de desenvolvemento de Back-End. APIs, bibliotecas e compoñentes do sistema. Linguaxes Back-End: Xava, Python, JavaScript, PHP. Servizos web: estándares e protocolos asociados. Arquitectura de servizos web (WS).
- Tema 13. Accesibilidade e usabilidade das tecnoloxías. Produtos e servizos relacionados coa sociedade da información. W3C. Deseño universal.
- Tema 14. Funcionamento básico das redes. Compoñentes esenciais, servizos e protocolos. Redes de acceso e medios físico. Conmutación de paquetes e de circuítos.
- Tema 15. Capas de protocolos e os seus modelos de servizos. Aplicación: principios das aplicacións de rede (a web e HTTP), correo electrónico (protocolos), DNS.
- Tema 16. Capas de protocolos e os seus modelos de servizos. Capa de transporte: a capa e os seus servizos, UDP, TCP e control de conxestión.
- Tema 17. Capas de protocolos e os seus modelos de servizos. Capa de rede: o plano de datos: reenvío e enrutamento, protocolo de internet IP. IPv4 e IPv6, direccionamento e NAT. Plano de control: protocolos de enrutamento (OSPF, BGP).
- Tema 18. Capas de protocolos e os seus modelos de servizos. Capa de ligazón e as redes LAN: funcións da capa de ligazón de datos e os seus protocolos asociados. Conceptos de conmutación: conmutadores de capa 2. Conmutación Ethernet: as características e o funcionamento da rede Ethernet. Rede de área local virtualé (VLAN).
- Tema 19. Redes sen fíos e móbiles. Conceptos e configuración das redes sen fíos WLAN (conexión, configuración, seguridade básica e resolución de problemas). Wifi: redes LAN sen fíos 802.11. Acceso celular. Redes de datos 3G, 4G: LTE
- Tema 20. Conectividade WAN: conceptos de WAN (estándares, as tecnoloxías e os propósitos de WAN). Conexións punto a punto (protocolos punto a punto (PPP) e HDLC). Conexións de sucursais (solucións de banda ancha de uso frecuente, como o cable, DSL e a tecnoloxía sen fíos, así como a implementación de PPPoE (PPP over Ethernet)).
- Tema 21. Conectividade WAN. Acceso seguro a redes corporativas: VPN, IPsec.
- Tema 22. Evolución da rede. Tendencias emerxentes das redes actuais. Conceptos de IoT, cloud ou as redes definidas por software (SDN, SD-WAN).
- Tema 23. Criptografía. Servizos de autenticación: o rol dos certificados dixitais. localización de claves públicas. Infraestrutura de clave pública (PKI): definición e elementos de unha PKI. Prestación de servizos de certificación públicos e privados. Xestión do ciclo de vida dun certificado. Almacenamento seguro de claves privadas: “Smart Cards”. DNI electrónico.
- Tema 24. Mecanismos de prevención. Sistemas de devasa (construción de sistemas de devasa. Zonas desmilitarizadas). Sistemas para a detección de intrusións.
- Tema 25. Bases de datos. Concepto teórico (conceptos e compoñentes dunha contorna de base de datos). Administración e configuración de bases de datos relacionais.



Tema 26. Características e sintaxes da linguaxe SQL. Conceptos, estruturas, procedementos de PostgreSQL e MySQL. Estándares de conectividade: ODBC e JDBC.

Tema 27. Lei orgánica de protección de datos. A lexislación de protección de datos de carácter persoal. Normativa. A Axencia Española de Protección de Datos.

Tema 28. A lexislación en materia de sociedade da información e administración electrónica en España.

Tema 29. Consecuencias en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións da Lei 39/2015 e da Lei 40/2015.

Tema 30. Administración electrónica. Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e normativa de desenvolvemento. A xestión electrónica dos procedementos administrativos: rexistros, notificacións e uso de medios electrónicos. Esquema Nacional de Seguridade e de Interoperabilidade.

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude: os datos persoais achegados coa presente solicitude incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específicas de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679, do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as súas funcións de selección e xestión do persoal, e/ou calquera outras inherentes á relación laboral/funcionarial. O prazo de conservación dos datos será o legalmente establecido.

Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento ou de acordo co establecido na lexislación antedita.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico [dpd@depourense.es](mailto:dpd@depourense.es). En todo caso, os/as interesados/as poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.”

Ourense, 5 de decembro de 2023. O presidente.

Asdo.: Luís Menor Pérez.



## Diputación Provincial de Ourense

A los efectos oportunos se publica que, en el día de la fecha, la Presidencia, dictó el siguiente decreto:

“Una vez visto el informe de la coordinadora técnica del Servicio de Administración Electrónica de 16 de noviembre de 2023, solicitando la formación de una bolsa de nombramientos interinos de la categoría de técnico/a auxiliar informático/a (subgrupo C1) para cubrir algún puesto de trabajo para poder garantizar unos servicios mínimos o los más urgentes que se consideren.

Una vez visto el informe favorable del jefe del Servicio de Recursos Humanos y Formación, de 30 de noviembre de 2023, relativo al cumplimiento de lo establecido en dicha ordenanza, así como al cumplimiento de la normativa actual que rige para la contratación de personal en el sector público.

Una vez visto el informe favorable de la Comisión de Control y Seguimiento en su reunión de 28 de noviembre de 2023, sobre la propuesta de bases reguladoras para dicho procedimiento.

De conformidad con lo que establece la Ordenanza Reguladora de los Procedimientos de Selección de Personal Funcionario Interino y Laboral Temporal al Servicio de la Diputación Provincial de Ourense publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de 30 de julio de 2020, así como el establecido en el artículo 20 punto cinco, apartado 1 de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.

Por lo expuesto, y una vez concluida la tramitación del expediente, se formula la siguiente propuesta de resolución:

1.º) Aprobar la convocatoria y bases reguladoras para la creación de una bolsa de nombramiento de personal funcionario interino de la categoría de técnico/a auxiliar informático/a de la Diputación Provincial de Ourense, que deberá publicarse en la forma reglamentaria.

**Base primera. Objeto de la convocatoria**

De conformidad con lo dispuesto en la Ordenanza Provincial Reguladora de los Procedimientos de Selección de Personal Funcionario Interino y Laboral Temporal al Servicio de la Diputación Provincial de Ourense, una vez aprobada definitivamente tras su modificación, en la sesión plenaria de 30 de julio de 2021, y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de 8 de octubre de 2021, es objeto de estas bases la regulación del proceso selectivo y la convocatoria para la creación de una bolsa de nombramientos interinos de la categoría de técnico/a auxiliar informático (subgrupo C1) al servicio de la Diputación Provincial de Ourense. El procedimiento de contratación temporal será el procedimiento común establecido en el artículo 4 de la Ordenanza.

**Base segunda. Requisitos de los/las aspirantes**

Los requisitos de los/las aspirantes serán los siguientes:

a) Nacionalidad: tener la nacionalidad española. Además, y conforme con lo establecido en la Ley 17/1993, de 23 de diciembre, podrán acceder los/as nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como los/as extranjeros/as que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y los de su cónyuge- siempre que no estén separados de derecho- menores de 21 años o mayores que vivan a sus expensas. Las mismas reglas se aplicarán, de ser el caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados inter-

nacionales realizados por la Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.

b) Edad: tener cumplidos dieciséis años de edad y no exceder la edad máxima de jubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión del título de bachillerato o técnico o equivalente.

Cuando se aleguen equivalencias de títulos se aportará en su día el certificado al efecto de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite fidedignamente su homologación.

Asimismo, estar en posesión del título que acredite el grado de perfeccionamiento en el idioma gallego o Celga 4. Los/as aspirantes que no dispongan de tal título y superaron la prueba práctica deberán hacer un ejercicio de dos traducciones, una del gallego al castellano y otra del castellano al gallego, calificándose cómo apto/a o no apto/a. El Tribunal decidirá la nota mínima para ser declarado/a apto/a.

d) Capacidad funcional: no padecer enfermedad ni estar afectado/a por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

e) Habilitación: no haber sido separado/a mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial para el acceso al cuerpo o escala de funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del personal laboral, en el que había sido separado/a o inhabilitado/a. En el supuesto de ser nacional de otro Estado, no encontrarse inhabilitado/a o en situación equivalente ni haber sido sometido/a a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su Estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público.

**Base tercera. Lugar y presentación de instancias**

1. Las instancias solicitando tomar parte en la convocatoria, en la que los/as aspirantes deberán manifestar que reúnen todas y cada una de las condiciones exigidas, referidas siempre a la fecha de expiración del plazo señalado para la presentación de instancias, se le dirigirán al presidente de la Diputación. Las modalidades de presentación son las siguientes:

a) De forma presencial, mediante la presentación en papel de la solicitud y de la documentación anexa en la Oficina de Asistencia al Ciudadano en materia de registro de la Diputación Provincial de Ourense, o en cualquiera de los lugares establecidos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. En este último caso se ruega que se envíe una copia de la instancia vía e-mail a la dirección electrónica [persoal@depourense.es](mailto:persoal@depourense.es)

b) De forma telemática, a través del registro electrónico general de la sede electrónica de la Diputación Provincial, en la dirección <https://sede.depourense.es>

2. El plazo será de 7 días naturales que contarán a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

3. Con la instancia (modelo normalizado que se incluye en la convocatoria y que estará disponible en el portal web corporativo de la Diputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es)) se acompañarán los documentos acreditativos de los méritos a los que

hace referencia la fase de concurso y el justificante de pago de la tasa de participación en el proceso selectivo.

4. Los requisitos de estar en posesión de la titulación exigida (título de bachillerato o técnico o equivalente), así como los datos de identidad, de no aportarse con la solicitud, serán comprobados de oficio por la Diputación mediante consulta a las plataformas de intermediación de datos de las administraciones públicas, siempre que, conforme al Reglamento (UE) 2016/679, del Parlamento Europeo y del Consejo Europeo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de los datos de las personas físicas, los/as solicitantes hagan constar su consentimiento expreso en la solicitud. Excepcionalmente, si la Diputación no pudiera obtener los documentos conforme a lo establecido en este apartado, podrá solicitarle al/a la interesado/a su aportación, otorgándole un plazo de 10 días hábiles.

5. En todo caso, los documentos obtenidos se utilizarán exclusivamente para las finalidades de este procedimiento selectivo. Los/as interesados/as podrán ejercer en cualquier momento los derechos que les reconoce la normativa vigente en materia de protección de datos.

6. Para la admisión al concurso de los/as solicitantes, será requisito imprescindible el previo abono de la tasa establecida en la Ordenanza Fiscal (BOP n.º 166, de 20 de julio de 2018), excepto en los supuestos de exención. La tarifa aplicable en esta convocatoria será: 15 €, para el subgrupo C1. El modelo estará disponible en el portal web corporativo de la Diputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es) y en las oficinas del Registro General.

En caso de que el/la interesado/a esté exento/a por discapacidad igual o superior al 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante la certificación acreditativa expedida por el Instituto Nacional de la Seguridad Social.

En caso de que lo/a interesado/la esté exento/la por tener la condición de desempleado/la de larga duración, deberá acercar la certificación de esta situación expedida por el Servicio Público de Empleo.

En caso de que el/la interesado/a forme parte de una familia numerosa y se acoja a la bonificación del 50% en el pago de la tasa, deberá aportar la copia del título de familia numerosa expedida por la Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia.

**Base cuarta. Listas provisionales y definitivas**

